

4.- PANORAMA SOCIAL

►► ESTE CAPÍTULO DEDICADO Ó ESTUDIO do panorama social está composto por catro grandes áreas: a análise da vivenda, a educación, a saúde e a asistencia social.

En canto ós datos sobre a dotación de vivendas no seo da área funcional, recollidos do "*Censo de poboación e vivenda 2001*" do IGE, preséntase as características do réxime de tenza das vivendas en Monforte- O Barco, así como o número de membros das unidades familiares.

Por outra banda, a información no eido educativo extraíse do devandito Censo (nivel de formación, tipo de estudos realizados e taxa de analfabetismo) e dos datos facilitados polo IGE e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A análise da saúde parte da informa-

ción recollida na *Memoria 2002* do Servizo Galego de Saúde e comenta a ordenación sanitaria territorial, así como o número de camas e quirófanos e as prestacións asistenciais e farmacéuticas.

Finalmente, no estudio dos servizos sociais considera tanto o ámbito das prestacións e inserción social – analizando a renda de inserción social de Galicia e as axudas de emerxencia social-, así como a área das persoas maiores, onde se analiza a situación dos centros propios dependentes da Consellería, prestadores de servizos sociais para as persoas maiores.

Vivenda

Os datos proporcionados polo recentemente publicado "*Censo de poboación e vivenda 2001*" permiten coñecer unha parte fundamental da estrutura so-

4.1.

Fogares nos municipios 2001: distribución segundo rexime de tenza

	Total	Por compra pagada (%)	En propiedade		En aluguer	Cedida gratis	Outros
			Con pagos pendentes	Por herdanza ou doazón			
Chantada							
Taboada	1.322	34,7	1,1	50,3	3,1	1,5	9,3
Carballedo	1.105	41,6	0,3	52,6	0,6	0,5	4,5
Chantada	3.197	49,5	2,7	33,8	5,1	1,9	6,9
Terra de Lemos							
Bóveda	740	47,5	2,7	43,2	4,4	0,8	1,4
Saviñao (O)	1.915	39,1	1,7	54,2	2,0	2,3	0,7
Sober	1.301	18,4	0,3	58,1	1,5	2,0	19,6
Monforte de Lemos	7.191	44,0	16,4	16,3	10,0	3,9	9,5
Pantón	1.439	30,7	0,2	54,2	1,1	1,5	12,2
A Pobra do Brollón	996	14,6	1,2	56,1	0,9	1,5	25,7
Quiroga							
Quiroga	1.700	43,9	4,6	39,2	4,7	3,1	4,6
Ribas de Sil	546	25,3	1,7	32,1	4,8	0,4	35,8
Folgoso do Courel	560	24,1	0,5	69,4	1,4	1,3	3,2
Terra de Trives							
Chandrexa de Queixa	318	21,7	1,3	73,3	1,6	1,6	0,6
Manzaneda	454	28,0	7,1	60,5	1,8	1,1	1,5
A Pobra de Trives	1.019	59,9	6,0	27,3	4,1	1,2	1,9
San Xoán de Río	394	21,2	-	56,6	0,8	2,0	19,4
Valdeorras							
O Barco de Valdeorras	4.565	49,1	23,7	9,0	10,6	2,1	10,2
O Bolo	598	31,7	-	65,8	0,8	0,3	1,3
Carballeda de Valdeorras	782	47,3	1,4	34,4	11,5	0,5	4,9
Larouco	271	26,7	2,6	51,5	1,1	2,6	15,6
Petín	452	30,6	6,0	30,8	5,5	6,2	20,8
Rubíá	728	44,1	0,6	49,9	1,0	1,0	3,5
A Rúa	1.760	50,4	11,0	15,7	8,5	6,1	8,4
A Veiga	613	27,2	0,7	55,3	3,1	1,8	11,9
Vilamartín de Valdeorras	811	39,2	3,0	34,6	2,5	0,4	20,4
Galicia	904.086	43,4	12,6	21,4	10,6	2,8	9,2

Fonte: INE, Censo de población y viviendas 2001

cial da área xeográfica analizada como son os réximes de tenza da vivenda ou as características e número de membros das unidades familiares.

Neste senso, o **cadro 4.1.**, mostra o total de vivendas e as porcentaxes en función do réxime de tenza das mesmas nos diferentes concellos da área funcional; en canto ó número de vivendas destaca o concello de Monforte de Lemos, que con 7.191 vivendas acolle o 20,7% do total de vivendas de Monforte-O Barco, seguido do concello de Valdeorras co 13,1% do total de vivendas da área estudada (4.565), fronte ó concello de Larouco que con 271 vivendas é o que ten unha menor de porcentaxe sobre o total da área funcional (0,8%).

O réxime de tenza de vivenda máis estendido en tódolos concellos de Monforte-O Barco é o de propiedade, dentro da que a propiedade obtida por herdanza ou doazón é a que ten unha maior porcentaxe en 16 dos 25 concellos da área funcional seguida da propiedade adquirida por compra e xa pagada. As vivendas en aluguer nos concellos da área funcional oscilan entre o 11,5% do total de vivendas do concello de Carballeda de Valdeorras e o 0,9% do total de vivendas do concello de Pobra de Brollón, só catro concellos da área considerada (Monforte de Lemos, O Barco de Valdeorras, Carballeda de Valdeorras e A Rúa) están por encima das porcentaxes de vivendas en aluguer sobre o total de vivendas das provincias de Lugo e Ourense.

4.2.

Fogares nos municipios 2001: distribución segundo número de membros

	Total	1	2	3	4	5	6	7	8	9	>10
		(%)									
Chantada											
Taboada	1.322	22,8	24,8	20,1	14,2	10,1	5,3	2,0	0,4	0,2	-
Carballedo	1.105	25,2	26,5	18,4	14,0	9,3	4,3	1,7	0,5	-	0,1
Chantada	1.105	25,2	26,5	18,4	14,0	9,3	4,3	1,7	0,5	-	0,1
Terra de Lemos											
Bóveda	740	28,1	27,6	17,4	13,9	8,2	3,0	1,1	0,5	0,1	-
Saviñao (O)	1.915	29,3	27,4	18,5	12,3	6,5	3,7	1,4	0,5	0,3	0,2
Sober	1.301	35,1	31,1	15,1	9,5	5,3	2,6	0,8	0,3	0,1	-
Monforte de Lemos	7.191	25,0	28,6	20,4	16,7	5,8	2,7	0,6	0,1	0,1	0,1
Pantón	1.439	34,7	30,9	15,8	9,7	6,2	1,9	0,7	0,1	0,1	0,1
A Pobra do Brollón	996	31,7	27,2	17,8	9,7	8,1	3,7	1,4	0,2	0,1	-
Quiroga											
Quiroga	1.700	32,4	28,9	16,9	13,1	5,1	2,5	0,6	0,2	0,2	-
Ribas de Sil	546	30,8	29,9	17,9	10,8	6,0	2,2	0,9	0,4	0,7	0,4
Folgoso do Courel	560	30,2	26,8	15,2	13,7	6,2	4,1	3,0	0,5	-	0,2
Terra de Trives											
Chandrexa de Queixa	318	29,2	26,7	17,6	11,9	7,9	5,3	0,6	-	0,3	0,3
Manzaneda	454	28,6	28,2	20,0	11,0	7,9	3,1	0,7	0,4	-	-
A Pobra de Trives	1.019	27,5	25,7	19,8	14,8	7,5	3,4	0,9	0,2	0,1	0,1
San Xoán de Río	394	33,5	31,5	15,5	10,9	4,3	3,0	0,8	-	0,3	0,3
Valdeorras											
O Barco de Valdeorras	4.565	17,8	24,7	25,4	23,5	6,2	1,6	0,5	0,2	0,1	0,1
O Bolo	598	36,8	34,4	14,2	7,5	4,3	2,2	0,5	-	-	-
Carballeda de Valdeorras	782	25,3	26,7	20,2	15,7	7,0	2,7	1,4	0,4	-	0,5
Larouco	271	41,3	26,9	14,0	12,2	3,0	2,2	-	0,4	-	-
Petín	452	31,0	28,3	14,4	15,7	7,5	2,7	0,4	-	-	-
Rubiá	728	29,5	33,2	17,2	12,4	5,6	1,5	0,4	0,1	-	-
A Rúa	1.760	21,0	25,0	23,9	20,7	6,4	2,4	0,3	0,2	-	0,1
A Veiga	613	43,1	28,1	13,2	7,7	4,1	2,4	0,8	0,3	-	0,3
Vilamartin de Valdeorras	811	25,6	27,1	18,2	16,5	8,4	3,1	0,6	0,1	0,1	0,1
Galicia	904.086	20,0	23,4	21,7	19,7	9,0	4,1	1,4	0,5	0,2	0,1

Fonte: INE, Censo de poboación y viviendas 2001

No que respecta ó número de membros nos fogares dos concellos da área obxecto de estudio, salienta o feito de que en 16 concellos a maior porcentaxe de fogares están compostos por un só membro, en 8 concellos a maior porcentaxe de fogares están compostos por dous membros, e só no concello de O Barco de Valdeorras os fogares máis números (co 25,4% do total do municipio) son os compostos por tres membros. (**cadro 4.2.**)

O concello cunha maior porcentaxe da súa poboación total residindo en vivendas familiares é o de O Barco de Valdeorras co 53,8% da súa poboación total nesta situación fronte a concellos como O Bolo ou Sober onde só o 27,8% e o 30,4% das súas poboacións respectivas residen

en vivendas familiares. En xeral, en tódolos concellos de Monforte-O Barco as mulleres e os homes con idades comprendidas entre os 25 e 44 anos residen en vivendas familiares. O 52% dos homes e o 49,5% das mulleres que residen en vivendas familiares nos concellos da área funcional están casados, o 30,7% das mulleres e o 40,5% dos homes están solteiros.

Educación

A análise da situación do nivel de formación dos habitantes de Monforte-O Barco, así como do sistema educativo nesta área xeográfica analízase a partires dos datos recollidos no *Censo de poboación e vivendas 2001* e no *Mapa escolar* do IGE.

4.3.

Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares en: distribución segundo o nivel de estudos

	Monforte-O Barco						Galicia	Monforte-O Barco/ Galicia
	Chantada	Quiroga	Terra de Lemos	Terra de Trives	Valdeorras	Total		
Total	14.644	6.422	31.316	5.161	24.436	81.979	2.335.614	3,5
Non sabe ler ou escribir	246	208	678	101	550	1.783	49.493	3,6
Menos de 5 anos de escolarización	4.636	2.297	7.712	2.091	5.470	22.206	383.078	5,8
Sen completar Bacharelato elemental, ESO ou EXB	3.997	1.593	9.589	1.384	7.396	23.959	626.124	3,8
Bacharelato elemental, ESO ou EXB completo	2.951	1.307	5.971	823	5.384	16.436	593.710	2,8
Bacharelato superior BUP/LOXSE, COU/PREU	1.179	410	2.714	394	2.161	6.858	257.262	2,7
FPI, FP grao medio, Oficialía industrial	217	132	873	78	697	1.997	74.998	2,7
FPII, FP grao superior, Mestría industrial	331	146	1.441	110	987	3.015	104.609	2,9
Diplomatura, Arquitectura, Enxeñería Técnica	649	181	1.199	107	1.041	3.177	122.908	2,6
Licenciatura, Arquitectura, Enxeñería Superior	419	140	1.109	73	717	2.458	116.364	2,1
Doutoramento	19	8	30	-	33	90	7.068	1,3

Fonte: IGE, Censos de poboación e vivendas 2001

4.4.

Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares: distribución segundo sexo e nivel de estudos

Homes								
Monforte-O Barco							Galicia	Monforte-O Barco/ Galicia
	Chantada	Quiroga	Terra de Lemos	Terra de Trives	Valdeorras	Total		
Total	7.066	3.127	14.878	2.599	12.027	39.697	1.112.041	3,6
Non sabe ler ou escribir	85	63	203	33	153	537	11.977	4,5
Menos de 5 anos de escolarización	2.119	1.072	3.358	986	2.459	9.994	160.709	6,2
Sen completar Bacharelato elemental, ESO ou EXB	2.001	793	4.615	751	3.847	12.007	299.286	4,0
Bacharelato elemental, ESO ou EXB completo	1.616	728	3.189	446	2.949	8.928	308.897	2,9
Bacharelato superior BUP/LOXSE, COU/PREU	551	198	1.312	197	1.080	3.338	126.405	2,6
FPI, FP grao medio, Oficialía industrial	113	58	485	42	328	1.026	39.456	2,6
FPII, FP grao superior, Mestría industrial	162	83	755	69	466	1.535	57.193	2,7
Diplomatura, Arquitectura, Enxeñería Técnica	229	63	438	39	364	1.133	47.289	2,4
Licenciatura, Arquitectura, Enxeñería Superior	183	65	508	36	359	1.151	56.601	2,0
Doutoramento	7	4	15	-	22	48	4.228	1,1
Mulleres								
Monforte-O Barco							Galicia	Monforte-O Barco/ Galicia
	Chantada	Quiroga	Terra de Lemos	Terra de Trives	Valdeorras	Total		
Total	7.578	3.295	16.438	2.562	12.409	42.282	1.223.573	3,5
Non sabe ler ou escribir	161	145	475	68	397	1.246	37.516	3,3
Menos de 5 anos de escolarización	2.517	1.225	4.354	1.105	3.011	12.212	222.369	5,5
Sen completar Bacharelato elemental, ESO ou EXB	1.996	800	4.974	633	3.549	11.952	326.838	3,7
Bacharelato elemental, ESO ou EXB completo	1.335	579	2.782	377	2.435	7.508	284.813	2,6
Bacharelato superior BUP/LOXSE, COU/PREU	628	212	1.402	197	1.081	3.520	130.857	2,7
FPI, FP grao medio, Oficialía industrial	104	74	388	36	369	971	35.542	2,7
FPII, FP grao superior, Mestría industrial	169	63	686	41	521	1.480	47.416	3,1
Diplomatura, Arquitectura, Enxeñería Técnica	420	118	761	68	677	2.044	75.619	2,7
Licenciatura, Arquitectura, Enxeñería Superior	236	75	601	37	358	1.307	59.763	2,2
Doutoramento	12	4	15	-	11	42	2.840	1,5

Fonte: IGE, Censos de poboación e vivendas 2001

►► **4.5.** *Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares: distribución segundo a clase de estudos*

	Monforte-O Barco					Galicia	Monforte-O Barco/ Galicia
	Chantada	Quiroga	Terra de Lemos	Terra de Trives	Valdeorras		
Total	1.635	607	4.652	368	3.475	10.737	2,5
Dereito	71	19	171	17	137	415	2,1
Maxisterio, Educación infantil	320	69	551	44	416	1.400	3,0
Ciencias sociais	337	120	994	60	796	2.307	2,5
Artes e Humanidades	134	35	296	17	204	686	2,2
Informática	31	22	157	13	112	335	2,4
Enxeñerías	74	35	182	13	153	457	2,5
Formación técnica e Industrias	231	124	1.058	107	698	2.218	2,8
Ciencias	65	38	172	15	139	429	1,9
Arquitectura ou Construción	32	10	55	4	62	163	2,0
Agricultura, Gandería, Pesca, Veterinaria	51	10	88	10	44	203	3,1
Saúde, Servizos sociais	210	84	642	48	468	1.452	2,7
Outros estudos	79	41	286	20	246	672	2,2

Fonte: IGE, Censos de poboación e vivendas 2001

►► **4.6.** *Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares: distribución segundo sexo e clase de estudos*

Homes							
	Monforte-O Barco					Galicia	Monforte-O Barco/ Galicia
	Chantada	Quiroga	Terra de Lemos	Terra de Trives	Valdeorras		
Total	694	273	2.201	186	1.539	4.893	2,4
Dereito	37	10	81	8	71	207	2,1
Maxisterio, Educación infantil	75	18	127	9	98	327	2,8
Ciencias sociais	121	36	340	22	238	757	2,2
Artes e Humanidades	50	14	110	10	71	255	2,3
Informática	14	14	77	4	54	163	2,0
Enxeñerías	49	25	139	10	122	345	2,3
Formación técnica e Industrias	180	102	887	89	564	1.822	2,8
Ciencias	24	12	81	5	60	182	1,8
Arquitectura ou Construción	16	5	42	3	51	117	2,1
Agricultura, Gandería, Pesca, Veterinaria	33	7	64	9	32	145	3,1
Saúde, Servizos sociais	64	17	174	15	123	393	2,7
Outros estudos	31	13	79	2	55	180	1,3

Mulleres							
	Monforte-O Barco					Galicia	Monforte-O Barco/ Galicia
	Chantada	Quiroga	Terra de Lemos	Terra de Trives	Valdeorras		
Total	941	334	2.451	182	1.936	5.844	2,6
Dereito	34	9	90	9	66	208	2,1
Maxisterio, Educación infantil	245	51	424	35	318	1.073	3,1
Ciencias sociais	216	84	654	38	558	1.550	2,6
Artes e Humanidades	84	21	186	7	133	431	2,2
Informática	17	8	80	9	58	172	3,0
Enxeñerías	25	10	43	3	31	112	3,0
Formación técnica e Industrias	51	22	171	18	134	396	2,6
Ciencias	41	26	91	10	79	247	2,0
Arquitectura ou Construción	16	5	13	1	11	46	1,8
Agricultura, Gandería, Pesca, Veterinaria	18	3	24	1	12	58	3,4
Saúde, Servizos sociais	146	67	468	33	345	1.059	2,7
Outros estudos	48	28	207	18	191	492	2,9

Fonte: IGE, Censos de poboación e vivendas 200 1

4.7.

Taxas de analfabetismo da poboación de 16 e máis anos: distribución segundo sexo

	Total	Homes	Mulleres
Área Monforte-O Barco			
Chantada	1,7	1,2	2,1
Quiroga	3,2	2,0	4,4
Terra de Lemos	2,2	1,4	2,9
Terra de Trives	2,0	1,3	2,7
Valdeorras	2,3	1,3	3,2
Galicia	2,1	1,1	3,1

Fonte: IGE, Censos de poboación e vivendas 200 1

Das 81.979 persoas de Monforte-O Barco, o **cadro 4.3.** reflicte que o 29,2% (23.959 persoas) non completaron o bacharelato elemental, ESO ou EXB, e un 27,1% (22.206 persoas) presentan menos de cinco anos de escolarización. Comparado co total galego, a poboación con menos de cinco anos de escolarización representa o 5,8% da poboación galega con este nivel de formación, sendo esta porcentaxe do 3,8% no caso das persoas que non completaran o bacharelato elemental, ESO ou EXB.

No concernente á formación profesional, un total de 5.012 persoas (o 6,1% das persoas destas áreas funcionais) tiñan estudos de FP dos que 1.997 persoas (o 2,4%) tiñan “FP I, FP de grao medio, Oficialía industrial”, e 3.015 persoas (3,7%) tiñan un nivel de estudos de “FP II, FP de grao superior, Mestría industrial”. Comparado co total galego, as persoas que posúen formación profesional en Monforte-O Barco representan o 2,8% das persoas co mesmo nivel de formación en Galicia, sendo estas porcentaxes de 2,7% e 2,9% para o caso de FP I e FP II, respectivamente.

A poboación con estudos universitarios ascendeu a 5.725 (o 7,0% da poba-

ción de 16 e máis anos en Monforte-O Barco), dos que 3.177 posuían unha diplomatura ou enxeñería técnica, 2.458 persoas unha licenciatura, enxeñería superior ou arquitectura, e os 90 restantes, tiñan feito o doutoramento. En relación ó nivel de estudos na comunidade galega, en Monforte-O Barco está o 2,3% das persoas con estudos universitarios, sendo estas porcentaxes do 2,6%, 2,1% e 1,3% no caso da diplomatura, licenciatura e doutoramento, respectivamente.

O **cadro 4.5.** amosa a distribución da poboación maior de 16 anos en vivendas familiares segundo a súa clase de estudos. Tanto Monforte-O Barco como o conxunto de Galicia presentan o predominio das ciencias sociais, formación técnica e industrias,saúde e servizos sociais e maxisterio e educación infantil, ó aco- lle-lo 68,7% das persoas con estudos de FP e estudos universitarios en Monforte-O Barco, e o 64,5% no conxunto de Galicia.

No caso da taxa de analfabetismo da poboación de 16 e máis anos en Monforte-O Barco, cómpre salientar que esta rexistra uns valores superiores a rexistrada no conxunto de Galicia (2,1) nas comarcas de Quiroga, (3,2), Valdeorras

(2,3) e Terra de Lemos (2,2). Atendendo á diferenciación segundo sexos, o **cadro 4.7.** amosa que a taxa de analfabetismo no caso dos homes é superior á media galega nas cinco comarcas, sendo superior á media galega en Quiroga (4,4) e Valdeorras (3,2) no caso das mulleres.

Centrándose no **mapa escolar** de Monforte - O Barco, os **cadros 4.8., 4.9. e 4.10.** recollen respectivamente a situación a nivel comarcal para os tres elementos formativos do enramado educativo: o alumnado, os centros e o profesorado. Esta mesma información desagregada a nivel municipal atópase nos **anexos 22, 23 e 24.**

No **cadro 4.8.** recóllese información sobre o alumnado no curso 1998-99. Obsérvase en primeiro lugar que a poboación susceptible de estar nalgún dos distintos graos formativos, isto é a poboación entre 4 e 18 anos é de 12.606 persoas no total da área funcional, sen embargo hai que ter en conta que a escolarización obrigatoria en España remata ós 16 anos, polo que o dato non é significativo.

Nas áreas funcionais consideradas atópase aproximadamente o 12,5% dos alumnos dos niveis formativos das provincias de Lugo e Ourense, destacando a importancia dos alumnos en módulos profesionais que acadan o 100% do total das dúas provincias e o 31,6% do total de alumnos deste módulos no conxunto de Galicia. A nivel comarcal e tendo en conta o número de alumnos por nivel formativo, destaca as comarcas de Terra de Lemos e Valdeorras; neste senso o 100% dos alumnos da área funcional matriculados no

curso 1998-99 nos programas de garantía e na educación especial pertencen á comarca de Terra de Lemos, así como o 75,6% dos alumnos de ciclos formativos, o 60% dos alumnos do Bacharelato LOXSE, o 53,7% dos alumnos de formación profesional, o 34,5% dos alumnos de educación primaria e o 35,4% dos alumnos de educación infantil. No que respecta á comarca de Valdeorras, o 100% dos alumnos da área funcional matriculados en módulos profesionais pertencen a esta comarca, así como o 40% dos alumnos de formación profesional, o 36,1% dos alumnos da E.S.O., o 41,2% dos alumnos de educación primaria e o 43,6% dos de educación infantil entre outros. Por todo elo pódese deducir a concentración do alumnado da área funcional fundamentalmente nas dúas comarcas destacadas.

Da análise da distribución comarcal dos centros educativos segundo o nivel formativo, **cadro 4.9.**, despréndese, a existencia na área funcional de Monforte - O Barco de 2 centros de Educación infantil (exclusiva), de 27 centros de Educación infantil e primaria, de 12 centros de Educación infantil, primaria e E.S.O., de 2 centros de Formación Profesional I, de 7 centros de E.S.O. e bacharelato ou F.P. e de un centro de educación específica e especial. Os centros están fundamentalmente concentrados nas comarcas de Terra de Lemos e Valdeorras, non superando en ningún tipo de centro o 3,9% do total existente no conxunto de Galicia.

Finalmente o **cadro 4.10.**, con datos sobre o profesorado, reflexa unhas porcentaxes de profesores por nivel educa-

4.8.

Alumnado no curso 1998-99

	Poboación de 4 a 18 anos (1)	E.Infantil	E.Primarya	E.S.O.	BUP e COU	BUP e COU a distancia (INGABAD)	Bacharelato LOXSE	Formación Profesional	Módulos profesionais	Ciclos Formativos	Programas de Garantía	Educación Especial
Area Montforte-O Barco	12.606	1.557	4.120	2.798	1.392	-	156	1.053	12	385	11	24
Chantada	2.201	161	538	266	-	-	-	-	-	-	-	-
Terra de Lemos	4.420	552	1.422	1.136	630	-	81	566	-	291	11	24
Quiroga	880	82	254	237	-	-	75	-	-	-	-	-
Terra de Trives	690	83	205	148	86	-	-	77	-	48	-	-
Valdeorras	4.415	679	1.701	1.011	676	-	-	410	12	46	-	-
Galicia	442.163	58.089	149.682	106.755	69.011	-	7.652	38.207	38	12.920	906	1.481
Montforte-O Barco / Galicia (%)	2,9	2,7	2,8	2,6	2,0	-	2,0	2,8	31,6	3,0	1,2	1,6

(1) datos da Revisión do Padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 1998.
Fonte: /GE

Centros de ensino no curso 1998-99

4.9.

	E. Infantil (exclus.)	E. Primaria (exclus.)	E. Infantil e E. Primaria	ESO (exclus.)	E. Primaria e ESO	E. Infantil, E. Primaria e ESO	Bachs. (exclus.)	F.P.I (exclus.)	Bachs. e FP	ESO e (Bachs. e/ou FP)	E. Infantil- Primaria-ESO e (Bachs. e/ou FP)	E. Infantil- Primaria e (Bachs. e/ou FP)	Específicos de E. Especial	BUP e COU a distancia (INGABAD)
Monforte-O Barco	2	-	27	-	-	12	-	2	-	7	-	-	1	-
Chantada	-	-	4	-	-	2	-	-	-	-	-	-	-	-
Terra de Lemos	1	-	7	-	-	4	-	2	-	3	-	-	1	-
Quiroga	-	-	5	-	-	1	-	-	-	1	-	-	-	-
Terra de Trives	-	-	3	-	-	2	-	-	-	1	-	-	-	-
Valdeorras	1	-	8	-	-	3	-	-	-	2	-	-	-	-
Galicia	391	32	691	31	28	348	2	66	3	215	9	70	37	5
Monforte-O Barco / Galicia	0,5	-	3,9	-	-	3,4	-	3,0	-	3,3	-	-	2,7	-

Fonte: IGE

4.10.

Profesorado nos centros de ensino no curso 1998-99

	E. Infantil (exclus.)	E. Primaria (exclus.)	E. S. O. (exclus.)	Bacharelato s (exclus.)	FP (exclus.)	Educación Especial	E. Primaria e ESO (simult.)	ESO e post- obrigatorias (simult.)	Outros (simult.)	Resto
Monforte-O Barco	84	273	153	52	112	9	59	127	77	8
Chantada	11	47	27	-	-	-	7	-	6	-
Terra de Lemos	33	93	67	33	71	9	14	63	32	3
Quiroga	6	27	15	2	-	-	5	18	6	6
Terra de Trives	6	24	12	3	12	-	15	14	10	-
Valdeorras	28	82	32	14	29	-	18	32	23	5
Galicia	3.267	9.712	5.190	2.485	3.648	320	1.998	6.036	1.627	420
Monforte-O Barco / Galicia (%)	2,6	2,8	2,9	2,1	3,1	2,8	3,0	2,1	4,7	1,9

Fonte: /GE

►► **4.11.**

Oferta de ciclos formativos de Formación Profesional Regrada en centros sostidos con fondos públicos 2003 - 2004, na área de Monforte - O Barco

Concello	Centro	Ciclo (1)	Prazas
Chantada	IES Val do Asma	CS Administración e finanzas	30
		CM Electromecánica de vehículos	22
Monforte de Lemos	CFEA de Monforte de Lemos	CM Explotacións agrarias extensivas	25
		CM Explotacións agrarias intensivas	25
	IES A Pinguela	CM Xestión Administrativa	30
		CS Administración e finanzas	30
		CM Comercio	30
		CM Estética persoal e decorativa	22
		CM Perruquería	22
		CS Administración de sistemas informáticos	30
	IES Francisco Daviña Rey	CM Equipos e instalacións electrotécnicas	22
		CM Equipos electrónicos de consumo	22
		CS Sistemas de telecomunicacións e informáticos	22
		CM Electromecánica de vehículos	22
		CM Coidados auxiliares de enfermería	22
		CS Saúde ambiental	22
Sober	CPR Belarmino Fernández Iglesias	CS Animación de actividades físicas e deportivas	30
		CM Cociña	30
O Barco de Valdeorras	IES Lauro Olmo	CM Servicios de restaurante e bar	30
		CM Xestión administrativa	30
		CS Administración e finanzas	30
		CM Equipos e instalacións electrotécnicas	22
		CM Perruquería	22
		CM Electromecánica de vehículos	22
		CM Coidados auxiliares de enfermería	22
		M2 Cubrición de edificios:lousas	22
Carballeda de Valdeorras	IES Sección de Sobradelo-Carballeda		
Pobra de Trives	IES Xermán Ancochea Quevedo	CM Equipos e instalacións electrotécnicas	22
A Rúa	IES Cosme López Rodríguez	CM Administración de sistemas informáticos	30
Total Lugo	Ciclos Medios	60	
	Ciclos Superiores	50	
Total Ourense	Ciclos Medios	42	
	Ciclos Superiores	32	

(1) CM: Ciclo Medio; CS: Ciclo superior
 Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

tivo en consonancia co número de alumnos en cada un deles dentro da área funcional, destacando a porcentaxe de profesores de educación especial que é do 2,8% do total existente en Galicia, cando os alumnos matriculados neste nivel educativo na área funcional é 2,8% do total existente en Galicia.

Para remata-la análise da educación non universitaria na área funcional, compre salienta-lo feito de que non existe ningún centro de educación primaria (exclusiva), de E.S.O. (exclusiva), de educación primaria e E.S.O., de bacharelato (exclusiva), de bacharelato e F.P de educación primaria, E.S.O e bacharelato e/ou F.P, de

educación infantil- primaria- E.S.O. e bacharelato e/ou FP, de educación infantil, primaria e bacharelato e/ou FP nin de BUP e COU a distancia (Ingabá).

No **cadro 4.11.** detállase a ofertade ciclos formativos existentes na área de Monforte-O Barco para o curso 2003-04 no marco da Formación Profesional Reglada. Cabe salientar en primeiro lugar a existencia de só 8 concellos dentro da área analizada con centros educativos onde se imparte a dita formación profesional, concentrándose o maior volume de oferta de ciclos formativos nos concellos de Monforte de Lemos e o Barco de Valdeorras.

Na área de Monforte-O Barco impartíranse no curso 2003-04 un total de 23 ciclos medios, 8 ciclos superiores e 1 módulo 2, dentro da F.P. reglada, o que supón o 21,7% e o 12% dos CM e CS, respectivamente, da provincia de Lugo e o 23,8% e o 62% dos CM e CS da provincia de Ourense.

No eido da formación profesional ocupacional, no **cadro 4.12.**, expóñense os titulados nos cursos de formación profesional ocupacional por comarcas da área funcional. A nivel xeral ó longo do ano 2002 na área funcional de Monforte - O Barco impartíronse 59 cursos ós que asistiron 969 alumnos, cursos que contaban cun orzamento previsto de 1,6 millóns de euros.

Na comarca de Terra de Lemos impartíranse a decembro do ano 2002, 24 cursos ós que asistiron 385 alumnos e que contaban cun orzamento previsto de 725 mil euros, a materia á que se dedicaron un maior número de cursos foi á de servicios ás empresas, seguida da agraria con 6 e 4 cursos respectivamente; a segunda comarca da área funcional onde se impartiron un maior número de cursos foi a comarca e Valdeorras con 22 e 377 alumnos; a materia á que se dedicaron un maior número de cursos foi, ó igual que no caso anterior, á de servicios á empresas, e á de edificación e obras públicas con 4 cursos cada unha das materias. En terceiro lugar en función do número de cursos impartido está a comarca de Chantada con 9 cursos e 145 alumnos e 253 mil euros de orzamento previsto, as materias ás que se lle dedicou un maior número de cursos foron a agraria (3 cursos) e á edificación

e obras públicas e transportes e telecomunicacións con dous cursos ámbalas dúas.

Finalmente están as comarcas de Quiroga con un curso dedicado a turismo e hostalería e 16 alumnos, e a comarca de Terra de Trives onde se impartiron tres cursos, dous de sanidade e un de industrial téxtil, e ós que asistiron 46 alumnos.

Tendo en conta os cursos de formación ocupacional impartidos en cada unha das comarcas da área funcional, o **cadro 4.13.**, mostra as ocupacións máis ofertadas e máis demandadas nas cinco comarcas da área funcional. O maior número de ofertas e de demandas dáse na comarca de Valdeorras, entre as actividades ofertadas destacan nesta comarca as prazas de peón de albanel/peón de obras públicas (46 prazas) seguida da de camareiro-barman (32 prazas); fronte ás ocupacións demandadas na comarca entre as que se encontran as de dependente en xeral (288 prazas), mozo/muller da limpeza (264 prazas) e Axudante de cociña (180 prazas); destacar nesta comarca que non existe coincidencia, en ningún caso, entre as cinco ocupacións máis ofertadas e as cinco máis demandadas.

A segunda comarca en número de ofertas e demandas é a de Terra de Lemos, as ocupacións máis ofertadas nesta comarca son as de peón de albanel/peón de obras públicas (21 prazas) e axente comercial/vendedor (19 prazas) fronte ás ocupacións máis demandadas, que nesta comarcas son, as de dependente en xeral (346 prazas) e mozo/muller da limpeza (204 prazas); neste senso salientar dous aspectos, por un lado que a ocupación

►► **4.12.**

Titulados e investimento ⁽¹⁾ nos cursos de Formación Profesional Ocupacional 2002: distribución segundo comarcas

	Nº cursos	Nº alumnos	Investimento (en euros)
Chantada	9	145	253.987
Agraria	3	50	46.263
Artesanía	1	16	38.621
Servicios ás empresas	1	16	17.390
Edificación e obras públicas	2	33	91.164
Transportes e comunicacións	2	30	60.549
Terra de Lemos	24	385	725.945
Agraria	4	58	105.296
Administración e oficinas	2	33	46.649
Servicios ás empresas	6	94	123.180
Edificación e obras públicas	3	48	158.949
Industrias téxtiles	2	40	79.302
Industria da madeira e a cortiza	1	14	58.707
Montaxe e instalación	1	15	19.966
Sanidade	2	36	48.979
Servicios á comunidade e persoais	1	17	23.910
Transportes e comunicacións	2	30	61.007
Quiroga	1	16	37.175
Turismo e hostalería	1	16	37.175
Terra de Trives	3	46	71.139
Industrias téxtiles	1	15	25.060
Sanidade	2	31	46.079
Valdeorras	22	377	513.471
Agraria	3	54	60.635
Administración e oficinas	2	38	69.064
Servicios ás empresas	4	62	49.759
Edificación e obras públicas	4	72	125.495
Sanidade	6	102	144.146
Servicios á comunidade e persoais	3	49	64.372
Área funcional	59	969	1.601.717

(1) Os investimentos obtéñense dos presupostos previstos para os cursos, non do custo final dos mesmos
 Fonte: *Instituto Galego das Cualificacións, Informe comarcal do mercado laboral*

►► **4.13.**

Ocupacións máis ofertadas e máis demandadas 2002: distribución segundo comarcas

Ofertadas		Demandadas	
	Prazas		Demandantes
Chantada	35		507
Albanel	9	Dependente en xeral	159
Peón de albanel/Peón de obras públicas	7	Mozo-Muller de limpeza	96
Axudante de cociña	7	Peón de albanel/Peón de obras públicas	88
Conductor meradorías / camión	6	Auxiliar administrativo	84
Camareiro-Barman	6	Auxiliar de axuda a domicilio	80
Terra de Lemos	72		1.023
Peón de albanel/Peón de obras públicas	21	Dependente en xeral	346
Axente comercial / vendedor	19	Mozo-Muller de limpeza	204
Carpinteiro	15	Auxiliar administrativo	186
Inst.montador inst.eléct/Electricista	9	Axudante de cociña	150
Alicatador/soldador	8	Auxiliar de axuda a domicilio	137
Quiroga	21		225
Traballador forestal	6	Mozo-Muller de limpeza	63
Peón de albanel/Peón de obras públicas	6	Dependente en xeral	43
Azafata(o) de degustación/Promotor(a)	3	Peón de albanel/Peón de obras públicas	42
Animador socio-cultural	3	Traballador forestal	39
Albanel	3	Auxiliar de axuda a domicilio	38
Terra de Trives	10		232
Monitor de tempo libre	2	Peón de albanel/Peón de obras públicas	67
Lodo. en Medicina	2	Traballador forestal	51
Inst.montador inst.eléct/Electricista	2	Mozo-Muller de limpeza	49
Educador ambiental	2	Dependente en xeral	39
Auxiliar administrativo	2	Auxiliar de axudas a domicilio	26
Valdeorras	136		1.032
Peón de albanel/Peón de obras públicas	46	Dependente en xeral	288
Camareiro-Barman	32	Mozo-Muller de limpeza	264
Traballador forestal	23	Axudante de cociña	180
Axente comercial / vendedor	18	Auxiliar administrativo	164
Albanel	17	Administrativo	136

Fonte: *Instituto Galego das Cualificacións, Informe comarcal do mercado laboral*

máis demandada nas comarcas de Valdeorras e Terra de Lemos é a mesma, e, por outra banda, que tal como acontecía na comarca de Valdeorras non existe coincidencia entre as cinco ocupacións máis ofertadas e as cinco máis demandadas.

Chantada é a terceira comarca da área funcional en número de ofertas e demandas de ocupacións, nesta comarca destaca polo número de prazas ofertadas a de albanel (9 prazas) seguida da de peón de albanel/peón de obras públicas e axudante de cociña (7 prazas respectivamente), fronte ás prazas máis demandadas que son as de dependente en xeral (159 prazas) e mozo/muller de limpeza (96 prazas); a diferenza das comarcas analizadas anteriormente, na comarca de Chantada existe unha coincidencia entre ofertas e demandas que se dá na actividade de peón de albanel/peón de obras públicas onde no ano 2002 existían 7 ofertas e 88 demandas de emprego.

Na comarca de Quiroga as ocupacións ofertadas cun maior número de prazas son as de traballador forestal (6 prazas) e peón de albanel/peón de obras públicas (6 prazas), fronte as ocupacións máis demandadas que son a de mozo/muller de limpeza (63 prazas) e a de dependente en xeral (43 prazas); nesta comarca existe coincidencia entre ocupacións ofertadas e demandas nas actividades de traballador forestal, con 6 ofertas e 39 demandas, e na actividade de peón de albanel/peón de obras públicas con 6 ofertas e 42 demandas.

Finalmente as ocupacións máis ofertadas na comarca de Terra de Trives son

as de monitor de tempo libre, licenciado en medicina e a de instalador montador de instalacións eléctricas/electricista con dúas prazas para cada caso, fronte ás ocupacións máis demandadas que son, entre outras, a de peón de albanel/peón de obras públicas (67 prazas) e traballador forestal (51 prazas); ó igual que acontecía nas comarcas de Valdeorras e Terra de Lemos, na comarca de Terra de Trives non existe coincidencia entre ocupacións ofertadas e demandadas.

Saúde

O cadro 4.14. os principais datos das áreas de saúde (AS) nas que se integran os concellos de Monforte-O Barco: área de saúde de Lugo (á que pertence tan só o concello de Taboada), a área de saúde de Monforte (acolle ó resto dos concellos da área funcional de Monforte), a área de saúde de Ourense (á que pertence Chandrexa de Queixa, concello da comarca de Terra de Trives) e área de saúde de O Barco (á que pertencen os concellos da área funcional de O Barco, agás Chandrexa de Queixa, e os concellos de Vilafrío de Conxo e Viana do Bolo pertencentes á área funcional de Verín).

Tendo en conta esta limitación de alcance á hora de analiza-la ordenación sanitaria en Monforte-O Barco as áreas de saúde de Monforte e O Barco de Valdeorras, que acollen a 23 dos 25 concellos da área xeográfica considerada neste informe, están compostas por 2 zonas de saúde de atención integrada (no conxunto de Galicia hai un total de 45), 8 zonas de saúde de atención primaria (93 na comunidade autónoma) e 3 unidades básicas de

►► **4.14.**

Ordenación sanitaria territorial 2002

	Zona de saúde de atención integrada	Zona de saúde de atención primaria	Unidade básica de atención primaria	Concellos	Superficie (en km ²)
Área de saúde de Lugo	4	11	11	42	6.755
Área de saúde de Ourense	6	21	2	78	5.574
Área de saúde de Monforte	1	4	2	11	1.834
Área de O Barco de Valdeorras	1	4	1	14	1.700
Total Galicia	45	93	53	315	29.575

(1) O concello de Taboada (comarca de Chantada) pertence á área de saúde de Lugo, e o de Chandrexa de Queixa (comarca de Terra de Trives) á de Ourense. Pola contra, os concellos de Vilarinho de Conxo e Viana do Bolo (pertencentes á área funcional de Verín) están dentro da área de saúde de O Barco de Valdeorras.
 Fonte: *Sergas*

►► **4.15.**

Referencias poboacionais para hospitalización xeral: poboación protexida 2002

	Servicio de Pediatría	Servicio de Obstetricia	Total
Área Monforte-O Barco	8.300	28.802	87.938
Hospital Comarcal de Monforte	4.273	18.234	50.721
Hospital Comarcal de Valdeorras	4.027	10.568	37.217
Total Galicia	299.836	579.263	2.647.746
Monforte-O Barco / Galicia (%)	2,8	5,0	3,3

Fonte: *Sergas*

►► **4.16.**

Camas e quirófanos nos hospitais xerais do Sergas 2002

	Camas		Quirófanos	
	Instaladas	Funcionantes	Funcionantes	De urxencias
Monforte-O Barco	232	228	7	1
Hospital Comarcal de Monforte	137	134	5	1
Hospital Comarcal de Valdeorras	95	94	2	-
Total Galicia	7.643	7.129	164	13
Monforte-O Barco / Galicia (%)	3,0	3,2	4,3	7,7

Fonte: *Sergas*

atención primaria (53 en Galicia). (**cadro 4.14.**)

Respecto á ordenación territorial da atención especializada, o **cadro 4.15.** reflicte as referencias poboacionais para hospitalización xeral dependente da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, amosando que a poboación total protexida polos hospitais comarcais de Monforte e de Valdeorras ascendeu a 87.938 persoas (o 3,3% do total galego), e no

caso dos servizos de Pediatría e Obstetricia, a 8.300 e 28.802 persoas respectivamente (o 2,8% e 5,0% das persoas protexidas en Galicia nestes servizos).

A poboación protexida polo Hospital Comarcal de Monforte ó longo do ano 2002 ascendeu a 50.721 persoas, e no caso dos servizos de pediatría e obstetricia a 4.272 e 18.234 persoas respectivamente. No caso do Hospital Comarcal de Valdeorras, a poboación protexida ascen-

4.17.

Actividade asistencial 2001-02: atención especializada

	Hospitais do Sergas total Galicia (1)			Area funcional de Monforte-O Barco		
	2001	2002	02/01 (%)	2001	2002	02/01 (%)
Estadías	2.084.860	2.105.810	1,00	59.130	58.765	-0,6
Ingresos	232.632	233.819	0,51	8.171	8.065	-1,3
Traslados internos	34.173	32.812	-3,98	216	218	0,9
Ingresos por mil habitantes	88,90	88,31	-0,66	92,9	91,7	-1,3
Estadía media global	8,96	9,01	0,56	7,24	7,29	0,7
Estadía media materno-infantil	4,24	4,50	6,13	-	-	-
% de ocupación	80,30	82,09	-	-	-	-
Índice de rotación	33,40	33,76	1,08	-	-	-
Intervencións totais (1)	162.276	164.864	1,59	6.139	6.181	0,7
Intervencións programadas	115.750	118.408	2,30	4.350	4.668	7,3
Intervencións urxentes	33.804	34.854	3,11	1.789	1.513	-15,4
Intervencións ambulatorias	70.770	74.337	5,04	2.860	2.954	3,3
Intervencións por mil habitantes	62,02	62,27	0,40	69,8	70,3	0,7
% Intervencións ambulatorias	43,61	45,09	46,59	47,79	47,79	-
Índice de programación (%)	71,33	71,82	70,86	75,52	75,52	-
Estadía media preoperatoria	2,04	1,91	-6,37	-	-	-
Partos	12.464	12.373	-0,73	299	306	2,3
Cesáreas	3.972	4.179	5,21	103	97	-5,8
Taxa de cesáreas (%)	24,17	25,25	-	-	-	-
Consultas totais	4.093.815	4.157.532	1,56	159.706	149.905	-6,1
Primeiras consultas	1.327.424	1.295.474	-2,41	55.765	47.651	-14,6
Consultas sucesivas	2.766.391	2.862.058	3,46	103.941	102.254	-1,6
Consultas por mil habitantes	1.565	1.570	0,36	1.816	1.705	-6,1
Consultas sucesivas/primeiras	2,08	2,21	6,01	1,86	2,15	15,1
Urxencias atendidas	960.912	1.002.755	4,35	29.162	28.751	-1,4
Ingresos urxentes	145.092	152.331	4,99	5.739	5.558	-3,2
Urxencias por mil habitantes	367,51	378,72	3,05	331,7	326,9	-1,4
Presión de urxencias (%)	62,37	65,15	-	-	-	-
% de urxencias ingresadas	15,10	15,19	19,68	19,33	19,33	-
Urxencias/día	2.632,64	2.747,27	4,35	79,90	78,77	-1,4

(1) as intervencións totais inclúen Povisa, pero as programadas e urxentes non
Os denominadores poboacionais das frecuentacións obtivéronse da Tarxeta Sanitaria (2001)
Fonte: Sergas

deu a 37.217 persoas, e no caso dos servizos de pediatría e obstetricia a 4.027 e 10.568 persoas, respectivamente.

A distribución do número de camas e quirófanos nos dous hospitais dependentes do Sergas emprazados na área obxecto de análise así como a súa comparación co total dos hospitais do sergas está recollida no **cadro 4.16**. O número total de camas instaladas no ano 2002 nos hospitais de Monforte-O Barco ascendeu a 232, das que 228 corresponden a camas funcionantes. Atendendo ó peso relativo no total galego, as camas instaladas e funcionantes da área funcional de Monforte - O Barco, representan respectivamente, o 3,0% e o 3,2% do total das camas do total galego.

No que ó número de quirófanos se

refire, nas áreas funcionais consideradas hai un total de 7 quirófanos funcionantes (1 de urxencias), o que representa o 4,3% dos quirófanos funcionantes nos hospitais do sergas e o 7,7% do número de quirófanos de urxencias.

No caso da atención especializada, no ano 2002 producíronse un total de 8.065 ingresos na zona sanitaria onde se integran a áreas funcionas de Monforte e o O Barco (91,7 ingresos por cada mil habitantes), o que supuxo unha caída do 1,3% en relación ó ano anterior. A estadía media nestes hospitais foi de 7,29 días fronte ós 9,01 días no conxunto dos hospitais do Sergas. (**cadro 4.17.**)

En relación á actividade cirúrxica, producíronse un total de 6.181 interven-

► **4.18.**

GRD ⁽¹⁾ máis frecuentes no Hospital Comarcal de Monforte 2002

	Peso medio	Altas válidas	(%)	Estadía media	UPH
Procedementos sobre cristalino con ou sen vitrectomía	0,83	135	3,08	2,06	112
Procedementos sobre hernia inguinal e femoral idade>17 sen cc	0,66	126	2,87	5,78	83
Parto sen complicacións	0,55	124	2,83	4,40	68
Substitución de cadeira excepto por complicacións	3,76	121	2,76	10,98	454
Insuficiencia cardíaca e choque	1,49	113	2,58	8,13	168
Trastornos cerebrovasculares específicos excepto AIT e hemorraxia intracraneal	2,05	94	2,14	10,66	193
Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica	1,17	90	2,05	9,18	105
Dilatación e legrado, conización excepto por neoplasia maligna	0,63	75	1,71	2,53	47
Gastroenterite non bacteriana e dor abdominal idade < 18 sen cc	0,46	67	1,53	3,31	31
Problemas médicos das costas	0,77	66	1,50	7,68	51
Neonato, peso ó nacer >2499 g, sen p.cir.signif., diag neonato normal	0,24	66	1,50	4,50	16
Reimplantación maior articulación e membro extr.inferior, excepto cadeira sen cc	3,44	63	1,44	11,10	217
Neumonía simple e pleurite idade>17 con cc	1,37	53	1,21	10,08	73
Proc. sobre útero e anexos por ca.in situ e proceso non maligno sen cc	1,10	50	1,14	9,06	55
Colecistectomía laparoscópica sen explorac. conducto biliar sen cc	0,86	48	1,09	5,21	41
Procedementos sobre o pé	1,13	47	1,07	5,83	53
Cesárea, sen complicacións	0,83	46	1,05	6,43	38
Neoplasias respiratorias	1,91	42	0,96	8,24	80
Proc. sobre man ou pulso, excepto proc.maiores s.articulación sen cc	0,81	42	0,96	2,81	34
Apendicectomía sen diagnóstico principal complicado sen cc	0,88	41	0,93	4,63	36

(1) metodoloxía que inclúe a agrupación das altas en función da súa complexidade (GRD) e que constitue o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de especialización de agudos

Fonte: *Sergas*

► **4.19.**

GRD ⁽¹⁾ máis frecuentes no Hospital Comarcal de Valdeorras 2002

	Peso medio	Altas válidas	(%)	Estadía media	UPH
Trast. respiratorios exc. infeccións, bronquite, asma con cc maior	2,37	153	4,13	10,22	362
Insuficiencia cardíaca e choque	1,49	136	3,67	7,93	202
Parto sen complicacións	0,55	112	3,03	3,38	61
Procedementos sobre hernia inguinal e femoral idade>17 sen cc	0,66	101	2,73	2,72	67
ICC e arritmia cardíaca con cc maior	3,48	69	1,86	11,17	240
Outros diagnósticos de aparato respiratorio sen cc	0,62	64	1,73	7,16	40
Substitución de cadeira excepto por complicacións	3,76	59	1,59	15,56	222
Procedementos sobre xeonlo sen cc	1,08	57	1,54	4,51	61
Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica	1,17	55	1,49	10,71	64
Outros diagnósticos de aparato respiratorio con cc	1,00	55	1,49	11,22	55
Problemas médicos das costas	0,77	55	1,49	7,13	42
Gastroenterite non bacteriana e dor abdominal idade > 17 sen cc	0,43	53	1,43	5,23	23
Proc. sobre útero e anexos por ca.in situ e proceso non maligno sen cc	1,10	50	1,35	5,32	55
Hemorraxia gastrointestinal sen cc	0,80	49	1,32	6,86	39
Esofagite, gastroenterite e trast.dixest. misceláneos idade>17 sen cc	0,75	49	1,32	6,45	37
Ligadura e stripping de veas	0,82	48	1,30	2,56	39
Anxina de peito	0,89	48	1,30	4,96	43
Proc. sobre man ou pulso, excepto proc.maiores s.articulación sen cc	0,81	48	1,30	2,38	39
Accidente isquémico transitorio e oclusións precerebrais	0,89	45	1,22	7,78	40
Trastornos de páncreas excepto neoplasia maligna	1,01	45	1,22	6,58	45

(1) metodoloxía que inclúe a agrupación das altas en función da súa complexidade (GRD) e que constitue o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de especialización de agudos

Fonte: *Sergas*

cións, un 0,7% máis que o ano anterior, o que representa o 3,7% das intervencións totais practicadas en Galicia polos hospitais pertencentes ó Sergas. Por outra banda é importante salientalo incremento do 7,3% das intervencións programadas así como a redución do 15,4% das intervencións urxentes en relación ó ano anterior. Por último destacar que nos dous hospitais considerados se realizaron 70,3 intervencións por cada 1.000 habitantes, sendo de 62,3 no conxunto de Galicia.

Polo que respecta á actividade de obstetricia, o número de partos en Monforte-O Barco rexistrou unha medra do 2,3%, pasando de 299 partos en 2001 a 306 no ano 2002, dos que 97 foron por cesárea (103 no ano anterior).

No ano 2002 realizáronse un total de 149.905 consultas externas na zona sanitaria onde se integran as áreas funcionais analizadas (o 3,6% das consultas galegas), e o número de urxencias atendidas foi de 28.751 (2,9%). Do total das urxencias atendidas ingresaron 5.558, o que representa o 19,3% do total de urxencias atendidas. A cantidade de urxencias atendidas ó día descende na área considerando, pasando das 79,77 urxencias/día de 2001 ás 78,77 urxencias diarias en 2002.

O estudo da casuística, **cadros 4.18. e 4.19.**, permite analiza-la produtividade en relación co número e complexidade da patoloxía atendida. Analizaremos os dous hospitais que afectan á área funcional analizada, HC de Monforte e o HC de Valdeorras.

No Hospital Comarcal de Monforte os procedementos sobre cristalino con ou sen citrectomía, os procedementos sobre hernia inguinal e femoral idade maior de 17 sen cc, o parto sen complicacións e a substitución de cadeira excepto por complicacións son os responsables do maior numero de altas válidas con 135, 126, 124 e 121 respectivamente.

No Hospital Comarcal de Valdeorras, os trastornos respiratorios, a insuficiencia cardíaca e choque, o parto sen complicacións e os procedementos sobre hernia inguinal e femoral con máis de 17 anos sen complicacións son os responsables do maior número de altas válidas con 153, 136, 112 e 101 respectivamente.

No que ás prestacións farmacéuticas se refire, o número de receitas prescritas nos dous hospitais mencionados ascendeu a 76.695 (o 3,4% do total galego) sendo a relación receitas/actividade de 0,41 receitas (0,44 receitas no conxunto dos hospitais do sergas). O número de receitas prescritas no HC de Monforte foi de 45.167 e no de Valdeorras de 31.528, ascendendo a relación receitas/actividade a 0,42 e 0,39 receitas, respectivamente.

Servicios sociais

A distribución do número de solicitudes e beneficiarios da renda de integración social de Galicia (Risga), así como das axudas de emerxencia social para o ano 2002 está contida no **cadro 4.20.**

No que ás rendas de integración social respecta, o número de beneficiarios en Monforte-O Barco ascendeu a 93 persoas, existindo no ano 2002 un total de 65

►► **4.20.**

Solicitudes e beneficiarios da Risga e AES 2002

	Risga		Axudas de emerxencia social	
	Solicitudes	Beneficiarios	Solicitudes	Beneficiarios
Monforte-O Barco	65	93	59	47
Chantada	8	18	12	10
Terra de Lemos	32	40	23	18
Quiroga	7	18	11	9
Terra de Trives	-	-	1	3
Valdeorras	18	17	12	7
Galicia	2.085	4.357	1.979	1.473
Monforte-O Barco / Galicia (%)	3,1	2,1	3,0	3,2

Fonte: Dirección Xeral de Servizos Comunitarios e Incusión Social

solicitudes novas. Comparado co conxunto da comunidade autónoma, estas dúas áreas funcionais acollen, en conxunto, o 3,1% das solicitudes totais novas total e o 2,1% do total de beneficiarios de Galicia.

Atendendo á distribución comarcal, o **cadro 4.20.** amosa que o 43,0% dos beneficiarios está asentado na comarca de Terra de Lemos, con 40 beneficiarios, namentres que no extremo oposto está a comarca de Terra de Trives onde non existe ningún beneficiario nin ningunha solicitude nova en 2002.

O número de beneficiarios das axudas de emerxencia social na área funcional de Monforte - O Barco, ascendeu no ano 2002 a 47 persoas, producíndose un total de 59 solicitudes nese ano. Comparando co número de beneficiarios galegos, a área considerada acolle o 3,2% dos beneficiarios e o 3,0% das solicitudes.

Atendendo á distribución comarcal das axudas de emerxencia social, observamos no **cadro 4.20.** como o maior número de beneficiarios atópase na comarca de Terra de Lemos co 38,3% do total de beneficiarios de Monforte-O Barco (18

beneficiarios), seguida pola comarca de Chantada con 10 beneficiarios.

No eido das persoas maiores, o **cadro 4.21.** reflicte que a poboación galega maior de 65 anos ascendeu en 2001 a 30.249 persoas, o que representa o 31,7% da poboación total de Monforte-O Barco (esta porcentaxe acada o 20,8% no conxunto de Galicia). Comparado co total galego, a poboación de 65 e máis anos destas áreas funcionais representan o 5,3% da poboación galega maior de 65 anos.

Atendendo ós diferentes índices recollidos no devandito **cadro 4.21.** cómpre salientar que a área obxecto de análise presenta valores superiores ós rexistrado para o conxunto da comunidade autónoma. Así, o índice de envellecemento, definido como a relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos ascende a 215,0% fronte ós 116,3% de Galicia; o índice de sobreenvellecemento –relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos- ascende a 14,7% en Monforte-O Barco fronte ós 11,9% de Galicia; e o índice de dependencia global –relación entre os grupos de poboación economicamente dependentes e o grupo

4.21.

Poboación maior de 65 anos a 1-1-2001

	Poboación total (A)	maiores 65 anos (B)	Índice de vellez A / B (%)	Índice de envellecemento (%)	Índice de sobre- envellecemento (%)	Índice de dependencia global (%)
Comarca de Chantada	17.118	5.647	33,0	233,6	14,3	89,1
Carballedo	3.173	1.165	36,7	329,1	14,8	91,8
Chantada	9.765	2.999	30,7	195,5	13,9	86,6
Taboada	4.180	1.483	35,5	280,3	14,7	92,8
Comarca de Terra de Lemos	36.089	12.408	34,4	253,2	14,9	92,2
Bóveda	2.008	778	38,7	336,8	17,5	101,0
Monforte	19.870	5.551	27,9	170,3	13,5	79,7
Pantón	3.469	1.533	44,2	474,6	17,4	115,1
A Pobra de Brollón	2.609	1.081	41,4	423,9	17,9	104,9
O Saviñao	5.056	2.017	39,9	360,8	13,6	103,9
Sober	3.077	1.448	47,1	530,4	16,1	126,9
Comarca de Quiroga	7.245	2.687	37,1	313,9	16,2	95,7
Folgoso do Caurel	1.549	624	40,3	373,7	15,5	104,4
Quiroga	4.255	1.523	35,8	286,3	16,2	93,4
Ribas de Sil	1.441	540	37,5	343,9	17,0	93,7
Comarca de Terra de Trives	5.963	2.251	37,7	307,5	18,0	100,1
Chandrexa de Queixa	884	346	39,1	342,6	20,5	102,3
Manzaneda	1.242	465	37,4	301,9	16,8	99,4
A Pobra de Trives	2.837	934	32,9	238,9	17,5	87,6
San Xoán de Río	1.000	506	50,6	588,4	18,4	145,1
Comarca de Valdeorras	29.126	7.256	24,9	140,4	12,9	74,4
O Barco	13.002	2.032	15,6	70,0	10,4	61,2
O Bolo	1.374	643	46,8	498,4	14,9	128,2
Carballeda	2.257	582	25,8	154,4	9,8	73,9
Larouco	610	232	38,0	290,0	11,6	104,7
Petín	1.134	359	31,7	218,9	12,8	85,6
A Rúa	5.056	1.178	23,3	138,8	13,2	66,9
Rubiá	1.796	676	37,6	323,4	10,7	97,1
A Veiga	1.408	658	46,7	514,1	15,3	126,4
Vilamartin	2.489	896	36,0	272,3	18,8	96,9
Total Monforte-O Barco	95.541	30.249	31,7	215,0	14,7	86,5
Galicia	2.732.926	568.783	20,8	116,3	11,9	63,2
Monforte O Barco / Galicia (%)	3,5	5,3				

(1) O índice de envellecemento defínese como a relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos

O índice de sobre-envellecemento defínese como a relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos

O índice de dependencia global defínese como a relación entre os grupos de poboación economicamente dependentes e o grupo de poboación potencialmente activa.

Fonte: IGE, Revisión do padrón municipal de habitantes 2001

de poboación potencialmente activa-
acada un valor de 86,5% fronte ós 83,2%
en Galicia.

Se se considera a diferenciación se-
gundo sexos, os **anexos 25 e 26** amosan
amosan que os índices de envellecemento
acadan en Monforte-O Barco uns valores
de 248,8 e 183,0 no caso das mulleres e
homes, respectivamente (140,8 e 93,0 no
conxunto de Galicia), en tanto que os ín-
dices de sobre-envellecemento ascenderon
na área analizada a 16,3 e 14,7 fronte ós
14,1 e 11,9 do conxunto da comunidade
autónoma.

No concernente á distribución co-
marcal, das cinco comarcas que compo-
ñen a área Monforte-O Barco Terra de
Trives é a que presenta un maior peso re-
lativo da poboación maior de 65 anos no
total da poboación da súa comarca, cun
37,7%, sendo ademais a que presentan o
maior índice de sobre-envellecemento e
índice de dependencia global, con 10,0 e
74,4, respectivamente. Cómpre salientar
que as cinco comarcas presentan valores
superiores ós rexistrados para o conxunto
de Galicia, producíndose esta situación
tanto no caso dos homes como no das mu-
lles.

►► **4.22.**

Centros prestadores de servicios sociais 2002: persoas maiores

	Residencias			Vivendas comunitarias	Apartamentos tutelados	Centros de día	Fogares e clubs	Outros centros sociais
	Públicas	Privadas	Total					
Area Monforte-O Barco	4	8	12	-	-	-	-	3
Chantada	-	1	1	-	-	-	-	-
Terra de Lemos	1	2	3	-	-	-	-	1
Quiroga	1	-	1	-	-	-	-	1
Terra de Trives	2	-	2	-	-	-	-	-
Valdeorras	-	5	5	-	-	-	-	1
Galicia	30	83	113	49	2	16	12	52
Monforte-O Barco / Galicia (%)	13,3	9,6	10,6	-	-	-	-	5,8

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Empleo e Relacións Laborais, Guía de equipamentos para maiores

►► **4.23.**

Prazas nas residenciais públicas da terceira idade 2002

	Rede da Xunta de Galicia	Rede Municipal	Total
Área Monforte-O Barco	125	90	215
Residencia da 3ª Idade de Monforte de Lemos	42	-	42
Residencia da 3ª Idade de Quiroga	83	-	83
Residencia da 3ª Idade Gabino García	-	40	40
Residencia da 3ª Idade de Pobra de Trives	-	50	50
Galicia	2.763	268	3.031
Monforte-O Barco / Galicia (%)	4,52	33,58	7,09

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Empleo e Relacións Laborais, Guía de equipamentos para maiores

A 31 de decembro do 2001, **cadro 4.22.**, o número de residencias públicas e privadas da área funcional ascendía a 12, 4 públicas e 8 privadas, o que supón o 27,8% do total de residencias da provincia de Lugo e o 17,5% do total da provincia de Ourense, así como o 10,6% do total galego, sendo consideradas como tales os centros destinados a vivenda permanente e común nos que se presta unha atención integral e continuada ás persoas maiores.

Non existe na área funcional analizada ningún apartamento tutelado nin vivendas comunitarias, así como tampouco centros de día nin fogares e clubs. Finalmente destaca-la existencia de 3 centros encadrados dentro da categoría de "outros centros sociais".

No eido das persoas maiores, na área funcional de Monforte- O Barco hai un total de catro residencias públicas que acollen un total de 215 prazas, das que 125 corresponden a residencias da rede da Xunta de Galicia, isto é o 58,1%, e 90 prazas a residencias públicas da rede municipal, o 41,9% restante. Comparando cos datos provinciais e galegos, a área funcional acolle o 18,8% das prazas da rede da Xunta de Galicia da provincia de Lugo, non existindo nas comarcas pertencentes a esta provincia ningunha residencia da rede municipal; por outra banda a área funcional acolle o 100% das prazas residenciais da rede municipal da provincia de Ourense, non existindo nas comarcas pertencentes a esta provincia dentro da área funcional ningunha residencia da

rede da Xunta de Galicia. (**cadro 4.23.**)

No marco do “*Plan Galego de Persoas Maiores 2001-2006*” a Consellería de Sanidade e Servicios Sociais ten previsto unha acción de fomento para a creación de centros multiasistenciais para maiores dependentes por parte da iniciativa privada. Esta acción instrumentase a través dun convenio co IGAPE e consiste no establecemento de axudas á iniciativa privada que estimulen a construción de centros asistenciais.

Nunha primeira fase, e en base á aplicación da rateo 1,4 de cobertura pública en poboación total de maiores maiores de 65 anos, a Consellería de Sanidade ten previsto a localización dunha residencia na comarca de Terra de Lemos.

O investimento previsto distribuído no período 2001-2006 para este tipo de accións no conxunto de Galicia e de 10,8 millóns de euros. ■